

**de:** enfamec2013@gmail.com  
**data de envío:** 27/09/2017 - 14:41  
**para:**  
**asunto:** Feira de Batalha

No noso afán de dar servizo á asociación estamos a organizar unha viaxe a BATALHA para visitar a feira Industrial Portuguesa MOLDPLAS que se celebra do 8 ao 11 de novembro.

A viaxe realizariámola o venres 10 e a volta o sábado 11 de novembro do 2017, co seguinte programa:

Venres 10 de novembro do 2017

11:00 Saída do IES Calvo Sotelo da Coruña.

12:00 Parada en Santiago no sitio acordado para recoller aos que de alí veñan.

13:00 Parada en Pontevedra no sitio acordado para o mesmo.

13:30 Parada en Vigo no punto acordado para o mesmo.

14:30 Comida na Fortaleza.

16:00 Saída para Batalha.

19:00 Chegada a Batalha. Visita a unha empresa de fabricación de moldes.

21:00 Chegada ao Hotel e toma de posesión das habitacións de cada un.

Cea libre

Sábado 11 de novembro do 2017

09.00 Almorzo

09.30 Saída para a feira. Nela estaremos todo o día de maneira que cada un comerá pola súa conta. Hai que estar atentos á hora da volta

17.00 Xuntámonos no punto de reunión para volver para Galicia.

17.15 Volta a casa, realizando o percorrido ao revés que na ida. De maneira que deixaremosaos de Vigo, Pontevedra e os de Santiago nos puntos de recollida anteriores.

23.00 Chegada aproximada a Coruña e fin da viaxe

O custo do viaxe + hotel AD para os non socios en habitación individual é de 100 € persoa. O custo do viaxe + hotel AD para os socios é de 50 € persoa en habitación individual.

Antes de facer o ingreso do diñeiro hai que confirmar que existan prazas libres chamando a Javier Novelle ao 639 651 131. Data tope para facer o ingreso e inscribirse é o 13 de outubro, xa que nesa data temos que confirmar o número de habitacións e pagar unha cantidade a fondo perdido.

Para inscribirse hai que ingresar o diñeiro na conta ES39 2100 3751 8722 0023 3856 indicando o nome do que asiste a viaxe e comunicar devandito ingreso a Javier Novelle ao 639 651 131 ou enviando un @ a [jnovelle@mun-do-r.com](mailto:jnovelle@mun-do-r.com) indicando un teléfono de contacto para acordar o punto de encontro.